CA4.7 Valorouse a utilización da sinatura dixital e dos certificados de autenticidade na elaboración dos documentos que o permitan.	• LC.3 - a sinatura dixital e os certificados de autenticidade	N	2
CA4.8 Aplicáronse as normas de seguridade e confidencialidade da información no uso e na custodia dos documentos.	• LC.4 - a lei de protección de datos	N	3
TOTAL			100



4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Análise do proceso de contratación privado.</p> <p>Análise da normativa civil e mercantil aplicable ao proceso de contratación.</p> <p>Contratos privados: civís e mercantís.</p> <p>Sinatura dixital e certificados.</p> <p>Sinatura dixital e certificados.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O concepto e os elementos do contrato - estudarase o concepto e os elementos dun contrato	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica sobre o proceso de contratación 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionario en relación ao anteriormente exposto 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e cuestionario proposto 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - cuestionario de preguntas breves sobre o contrato 	2,0
As modalidades de contratación privada - estudaranse as características de diversas modalidades de contratos privados	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica sobre distintos tipos de contratos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionario en relación ao anteriormente exposto 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e cuestionario proposto 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - modelos de contratos LC.2 - a formalización do contrato PE.2 - cuestionario de preguntas breves sobre as modalidades de contratación PE.3 - cuestionario de preguntas breves sobre normativa contactual PE.4 - cuestionario de preguntas breves sobre a formalización do contrato 	10,0
A sinatura dixital e o tratamento da información relativa aos contratos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica sobre o uso da sinatura dixital e a normativa de protección de datos aplicable aos datos manexados polas empresas 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionario en relación ao anteriormente exposto 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e cuestionario proposto 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - a sinatura dixital e os certificados de autenticidade LC.4 - a lei de protección de datos 	2,0



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

TOTAL	14,0
-------	------

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A relación administración-empresa: o procedemento administrativo e a contratación pública	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Elabora a documentación requirida polos organismos públicos en relación aos procedementos administrativos, cumprindo a lexislación e as directrices definidas.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 coñecer a relación entre a Administración e os/as administrados/as 1.2 analizar o acto administrativo; concepto, tipo, elementos e publicidade 1.3 analizar documentación resultante dos actos administrativos	1	O acto administrativo	2,0
2.1 coñecer as fases dun procedemento administrativo 2.2 analizar documentación relacionada cos procedementos administrativos	2	O procedemento administrativo	8,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.3 entender o silencio administrativo			
3.1 entender o concepto de procedemento contenciosos administrativo	3	O procedemento contencioso administrativo	3,0
3.2 coñecer as fases dun procedemnto contencioso			
3.3 estudar os recursos contra as sentenzas			
4.1 coñecer as fontes da información empresarial e a súa xestión	4	A contratación coa Administración	3,0
4.2 coñecer a natureza da relación do persoal ao servizo da Administración			
4.3 entender o proceso de contratación pública			
4.4 aprender a utilizar recursos públicos como as subvencións			
TOTAL			16

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Definiuse o concepto e as fases do procedemento administrativo común, de acordo coa normativa aplicable.	• PE.1 - cuestionario de preguntas breves sobre o procedemento administrativo común	S	20
CA5.2 Determináronse as características e os requisitos legais e de formato dos documentos oficiais máis usuais xerados en cada unha das fases do procedemento administrativo e recursos ante o contencioso-administrativo	• PE.2 - cuestionario de preguntas breves sobre os requisitos legais do procedemento e do contencioso	S	10
CA5.3 Compilouse a información necesaria para a elaboración da documentación administrativa ou xudicial, de acordo cos obxectivos do documento.	• LC.1 - a documentación administrativa	N	2
CA5.4 Cubríronse os impresos, os modelos ou a documentación tipo de acordo cos datos, coa información dispoñible e cos requisitos legais establecidos.	• LC.2 - a documentación administrativa	N	6
CA5.5 Valorouse a importancia dos prazos de formalización da documentación.	• TO.1 - a importancia dos prazos	N	2
CA5.6 Preparáronse as renovacións ou accións periódicas derivadas das obrigas coas administracións públicas, para a súa presentación ao organismo correspondente.	• LC.3 - a relación coa Administración	N	5



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.7 Descríbóronse as características da sinatura electrónica, os seus efectos xurídicos, o proceso para a súa obtención e a normativa estatal e europea que a regula.	• LC.4 - a sinatura electrónica	N	5
CA5.8 Procedementouse a solicitude da certificación electrónica para a presentación dos modelos oficiais por vía telemática.	• LC.5 - a presentación telemática de documentos	N	5
CA5.9 Descríbóronse os dereitos das corporacións e da cidadanía en relación coa presentación de documentos ante a Administración.	• PE.3 - a relación coa Administración	S	15
CA5.10 Determináronse os trámites e a presentación de documentos tipo nos procesos e nos procedementos de contratación pública, e na concesión de subvencións, segundo as bases das convocatorias e a normativa de aplicación	• PE.4 - a contratación coa Administración pública	S	20
CA5.11 Determináronse as condicións de custodia dos documentos e dos expedientes relacionados coas administracións públicas, con garantía da súa conservación e da súa integridade.	• PE.5 - a xestión da documentación	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Acto administrativo.</p> <p>Procedemento administrativo.</p> <p>Dereitos da cidadanía fronte ás administracións públicas.</p> <p>Silencio administrativo. Recursos administrativos e xudiciais.</p> <p>Tramitación de recursos.</p> <p>Elaboración de documentos de comunicación coa Administración.</p> <p>Requisitos legais e formato dos documentos oficiais máis usuais xerados en cada fase do procedemento administrativo e recursos contenciosos administrativos.</p> <p>Contratación con organizacións e administracións públicas.</p>



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O acto administrativo - analizarase o acto administrativo e os diferentes tipos de actos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica do tema 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionario en relación ao anteriormente exposto Análise de documentos relacionados cos actos administrativos 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e cuestionario proposto 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - a documentación administrativa PE.3 - a relación coa Administración 	2,0
O procedemento administrativo - estudarase o procedemento administrativo e documentación relacionada	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica sobre os procedementos administrativos, as súas fases, os recursos e o silencio administrativo 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionario en relación ao anteriormente exposto Elaboración de documentos de comunicación coa Administración 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto, documentos 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e cuestionario proposto 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - a documentación administrativa LC.2 - a documentación administrativa LC.3 - a relación coa Administración LC.4 - a sinatura electrónica LC.5 - a presentación telemática de documentos PE.1 - cuestionario de preguntas breves sobre o procedemento administrativo común PE.2 - cuestionario de preguntas breves sobre os requisitos legais do procedemento e do contencioso TO.1 - a importancia dos prazos 	8,0
O procedemento contencioso administrativo - estudarase a vía contencioso administrativa e os recursos contra as sentenzas	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica sobre o procedemento contencioso administrativo e recursos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionario en relación ao anteriormente exposto Análise de documentos relacionados cun contencioso 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e cuestionario proposto 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - cuestionario de preguntas breves sobre os requisitos legais do procedemento e do contencioso 	3,0
A contratación coa Administración - estudarase o proceso de contratación pública, tipos e subvencións	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica sobre o proceso de contratación coa Administración 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionario en relación ao anteriormente exposto 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e cuestionario proposto 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - a contratación coa Administración pública 	3,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - a xestión da documentación 	
TOTAL						16,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Identificáronse os poderes públicos establecidos na Constitución española e as súas respectivas funcións.

Determináronse os órganos de goberno de cada un dos poderes públicos, así como as súas funcións,

Identificáronse os principais órganos de goberno do poder executivo das administracións autonómicas e locais, así como as súas funcións.

Definiuse a estrutura e as funcións básicas das principais institucións da Unión Europea.

Descríbóronse as relacións entre os órganos da Unión Europea e o resto das administracións estatais, así como a incidencia da normativa europea na estatal.

Recoñecéronse as fontes do Dereito de acordo co ordenamento xurídico español.

Precisáronse as características das normas xurídicas e dos órganos que as elaboran, ditan, aproban e publican.

Relacionáronse as leis co resto de normas que as desenvolven.

Identificouse a estrutura dos boletíns oficiais como medio de publicidade das normas.

Seleccionáronse fontes ou bases de datos de documentación xurídica tradicionais e/ou en internet.

Identificáronse as distintas ramas do dereito e a súa relación coa empresa.

Identificáronse as diferenzas e as similitudes entre as formas xurídicas de empresa.

Determinouse o proceso de constitución dunha sociedade mercantil, e indicouse a normativa mercantil aplicable e os documentos xurídicos que se xeran.

Precisáronse as funcións dos fedatarios e os rexistros públicos.

Descríbóronse e analizáronse as características e os aspectos máis significativos dos modelos de documentos máis habituais na vida societaria (estatutos, escrituras, actas, etc.).

Descríbiuse o concepto de contrato e a capacidade para contratar segundo a normativa española.



Identificáronse as modalidades de contratación e as súas características.

Identificáronse as normas relacionadas cos tipos de contratos do ámbito empresarial.

Compilouse a información necesaria para a formalización de cada contrato.

Definiuse o concepto e as fases do procedemento administrativo común.

Determináronse as características e os requisitos legais e de formato dos documentos oficiais máis usuais xerados en cada unha das fases do procedemento administrativo e recursos ante o contencioso-administrativo

Descríbíronse os dereitos das corporacións e da cidadanía en relación coa presentación de documentos ante a Administración.

Determináronse os trámites para a presentación de documentos nos procedementos de contratación pública e na concesión de subvencións.

Determináronse as condicións de custodia dos documentos e dos expedientes relacionados coas administracións públicas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Notas trimestrais de avaliación:

A nota trimestral calcularase, en base a 2 conceptos, do seguinte xeito:

1.-Probas obxectivas (exames). A nota media das probas obxectivas realizadas no trimestre ponderará nun mínimo do 80% da nota trimestral de avaliación. A estes efectos a nota media obtida nos exames realizados no trimestre multiplícase por 0,80. A falta de presentación ou realización de dito apartado suporá unha calificación de cero en dito apartado.

2.-A participación puntuará con 2 puntos, valorándose: a participación en clase en xeral, a comprensión e análise de textos e videos, a resolución de cuestionarios e outras actividades propostas polo profesor. Se nalgún trimestre non hai actividades susceptibles de ser puntuadas como participación, os 2 puntos acumularanse ás probas obxectivas.

A falta de presentación ou realización de dito apartado suporá unha calificación nula en dito apartado. Para aprobar a avaliación trimestral o/a alumno/a deberá ter unha nota global de 5 ou superior. A puntuación das probas obxectivas escritas de cada avaliación parcial, será a media aritmética da puntuación das probas realizadas en cada avaliación parcial. A avaliación parcial superase se o alumno obtén un mínimo de 5 puntos aplicando o porcentaxe asignado a cada instrumento de avaliación. Os alumnos que superen todas as avaliacións parciais superarán con éxito a totalidade do módulo.

Nota final:

1.-Para superar o módulo o/a alumno/a deberá superar todas as avaliacións parciais

2.-As avaliacións parciais non superadas poderán ser recuperadas na proba obxectiva final. Nesta proba só é necesario recuperar as partes non superadas durante o curso. Para superar dita proba é necesario un mínimo de 5 puntos.

3.-A nota final será a media das notas trimestrais. Estas notas trimestrais estarán modificadas en función das notas obtidas nas partes recuperadas na proba obxectiva final



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao remate do curso, despois da terceira avaliación parcial e antes da avaliación final, realizarase unha proba obxectiva final na que cada alumno/a poderá recuperar as avaliacións ou unidades didácticas que non superara ao longo do curso. A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos, sendo necesario unha nota mínima de 5 para superala.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial e necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo con carácter xeral será do 10 % cando todas as faltas sexan non xustificadas. En todo caso de ter faltas xustificadas e non xustificadas establecerase o 15 % como máximo de acordo coas NOF do centro. Unha vez superada a porcentaxe indicada o sistema de avaliación será diferente para o alumnado que perda o dereito de avaliación continua.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Esta proba será única e o alumnado de segundo curso poderá facela antes da avaliación parcial do 2º trimestre se así o solicita, para poder acceder á FCT en caso de superala, pero se non supera a proba non ten dereito a recuperar nin avaliarse de novo do módulo en xuño.

O alumnado ao que se lle comunicara a perda do dereito á avaliación continua, por defecto fará esa proba en xuño previa a avaliación final de módulos. Se o alumno ou alumna solicita facer esa proba antes da avaliación parcial do 2º trimestre deberá comunicalo por escrito ante a secretaría do centro especificando o módulo/s nos que perdeu o dereito á avaliación continua e indicando que desexa facer a proba. O prazo para presentar dita solicitude comeza coa comunicación da perda do dereito á avaliación continua e remata quince días naturais antes da data de avaliación do 2º trimestre.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas NOF.

Faltas xustificables:

- Citacións que impliquen un deber inescusable, polo tempo necesario.
- Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- Enfermidade ou indisposición sendo xustificable o tempo de prescrición médica.
- Asistencia a folgas legalmente convocadas



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da programación.

Ao final do ano realízase unha valoración global.

Ao final do curso académico realizarase unha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Previamente ao inicio dos contidos do módulo faranse en clase exercicios de comprensión lectora a partir de textos que dalgún xeito teñan que ver cos contidos que se impartirán e que son precisos para desenvolver con éxito o currículo, ao remate dos cales o alumnado realizará unha proba de control que será corrixida pola profesora en clase. Este control enténdese como a proba avaliación inicial.

O alumnado deberá seguir as indicacións persoais sobre o traballo a realizar, se se da o caso, para solventar aquelas carencias ou atrancos en comprensión lectora e expresión escrita que puideran resultar un impedimento para o seguimento da materia. A profesora proporcionará material axeitado, se é necesario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento por parte da profesora.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e morais traballarase especialmente naquelas unidades didácticas que inclúan a lectura de textos ou o visionado de videos coa finalidade de formar cidadáns comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.



O concepto de solidariedade entre as persoas, a procura dun mundo con menos desigualdades e a valoración do traballo en contraposición á cultura do diñeiro fácil e inmoral estará presente nas actividades e cuestionarios propostos pola profesora cando sexa procedente. A valoración de institucións próximas ao cidadán, democráticas e transparentes na súa xestión cotiá e na súa relación cos e coas cidadáns, a análise crítica de distintas situacións onde iso non ocorre, así como da interrelación economía-política máis alo do conveniente dende un punto de vista ético, a importancia do dereito como marco regulador da convivencia e dos mecanismos creadores e controladores dese dereito, entre outros, serán os temas dos materiais propostos para traballar en clase. A idea dun mundo "global", con interdependencias que non se poden eludir debe comprenderse para relacionala coa desigual e nada inocente distribución da riqueza mundial.

En todo caso seguiremos os protocolos e orientacións recollidos na web Educonvives.gal da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Neste módulo as actividades complementarias consistirán na lectura de noticias de actualidade, por exemplo, artigos de prensa, ou noticias sobre cambios lexislativos, que afecten á materia. O obxectivo destas actividades é estimular a busca de información por parte do alumnado e, polo tanto, a súa autonomía á hora de resolver problemas concretos, por unha parte. Por outra, trátase de mellorar a comprensión lectora e analítica, así como de expresión oral, mediante cuestionarios e/ou preguntas en clase posteriores á lectura. Estas actividades se realizarán ao longo do curso dependendo do desenvolvemento da materia, da existencia ou non de material idóneo, así como das características do grupo de clase.

Ademais, nos días sinalados no calendario para recordar determinados problemas sociais como a violencia de xénero, ou a situación do medio ambiente poderase traballar en clase material preparado para a ocasión en función das características do grupo, ou mesmo participando o alumnado nas actividades que diseña o centro, co obxectivo de educar nos valores sinalados no punto 9.a.

Como actividade extraescolar o alumnado visitará o Parlamento de Galicia. Realizarase a finais do primeiro trimestre ou a principios do segundo (dependendo da propia axenda do Parlamento), coincidindo cun pleno parlamentario. Previo á visita, se comentarán en clase aquelas cuestións de interese para a mesma. Despois, farase unha posta en común en clase, con preguntas relacionadas co que foi o seu desenvolvemento.